



MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO



MULLERES DO SILENCIO

De Maruja Mallo a Angela de la Cruz

14 outubro 2016 – 16 abril 2017

Salas de exposición da planta baixa

Martes a sábados (festivos incluídos), de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 / Domingos, de 11.00 a 14.30

Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Comisaria: Rosario Sarmiento

Mónica Alonso, Berta Cáccamo, Elena Colmeiro, M^a Carmen Corredoyra y Ruiz de Baro, M^a Antonia Dans, Angela de la Cruz, M^a Victoria de la Fuente, María Xosé Díaz, Dolores Díaz Baliño, Almudena Fernández Fariña, M^a Elena Fernández-Gago, Menchu Lamas, Maruja Mallo, Fina Mantiñán, Tatiana Medal, Julia Minguillón, Rosalía Pazo Maside, Soledad Penalta, Pamen Pereira, Beatriz Rey, Mercedes Ruibal

Nota de prensa

Síntese do proxecto expositivo

O MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, inicia o último trimestre do ano cunha nova mostra de produción propia nos espazos da planta baixa. Baixo o título **MULLERES DO SILENCIO. De Maruja Mallo a Angela de la Cruz**, este proxecto presenta unha revisión ou relectura actualizada da exposición *A arte inexistente* — comisariada por **Rosario Sarmiento** para o Auditorio de Galicia en 1995—, que reunía obras de artistas mulleres en Galicia no século XX.

Daquela, o binomio existencia/inexistencia formulábase en relación coa posibilidade de acceso a unha formación académica como vía de profesionalización, con Maruja Mallo e Julia Minguillón como as primeiras artistas en iniciar este camiño. Vinte anos máis tarde, cando a posibilidade dunha formación profesional representa un feito indiscutible, a realidade segue a ser complexa, e esta evolución non ten descorrido en paralelo coa presenza e visibilidade das mulleres no entretecido artístico.

Dende a perspectiva do tempo transcorrido, situámonos no espazo histórico-temporal das primeiras décadas do século XXI, o que permite visualizar relatos, protagonismos e visións máis amplas sobre as achegas e o papel dalgunhas artistas na historia da creación plástica da Galicia contemporánea. A exposición percorre diferentes xeracións de artistas ata chegar a aquelas creadoras que acceden por primeira vez en Galicia a unha formación académica, tras a creación da Facultade de Belas Artes de Pontevedra en 1990.

Desde o punto de vista estrutural, a exposición formúlase en catro ámbitos onde se procura analizar e afondar nos contextos nos que estas artistas traballaron, facendo fincapé en cuestións como o seu escaso protagonismo nos movementos de vangarda anteriores á Guerra Civil, a posguerra e a obrigada emigración cara a outros centros artísticos fóra de Galicia, a chegada da democracia, e os novos escenarios culturais e formativos nos que traballan aquelas artistas cuxas traxectorias comezan a desenvolverse nos inicios do século XXI.

A mostra reúne preto dun centenar de obras procedentes dun gran número de prestadores —institucións, museos, centros de arte, e coleccións particulares—, que por vez primeira se exhiben conxuntamente, ademais de documentación complementaria —nalgúns casos inédita— froito da investigación levada a cabo en arquivos e coleccións. Respecto á selección de obras en exposición, tívose moi en conta a relación co contexto histórico e temporal, elixindo pezas representativas de cada período, coa intención de manter e facer visible un fío condutor dende o punto de vista cronolóxico e argumental.

MULLERES DO SILENCIO coincidirá no tempo coa exposición que se está a preparar para o vindeiro mes de xaneiro nos espazos do primeiro andar do MARCO, comisariada por Anxela Caramés, e que suporá un primeiro achegamento ás prácticas artísticas feministas realizadas en Galicia dende os anos noventa.

Artistas

Mónica Alonso (A Fonsagrada, Lugo, 1970)

Berta Cáccamo (Vigo, 1963)

Elena Colmeiro (Costela, Silleda, Pontevedra, 1932)

M^a Carmen Corredoyra y Ruiz de Baro (A Coruña, 1893-1970)

M^a Antonia Dans (Oza dos Ríos, A Coruña, 1922 - Madrid, 1988)

Angela de la Cruz (A Coruña, 1965)

M^a Victoria de la Fuente (Vigo, 1927 – Madrid, 2009)

María Xosé Díaz (Catoira, Pontevedra, 1949)

Dolores Díaz Baliño (A Coruña, 1905-1963)

Almudena Fernández Fariña (Vigo, 1970)

M^a Elena Fernández-Gago (A Coruña, 1940-2011)

Menchu Lamas (Vigo, 1954)

Maruja Mallo (Viveiro, Lugo, 1902 - Madrid, 1995)

Fina Mantiñán (A Coruña, 1932)

Tatiana Medal (A Coruña, 1971)

Julia Minguillón (Lugo, 1906 - Madrid, 1965)

Rosalía Pazo Maside (A Estrada, Pontevedra, 1956)

Soledad Penalta (Noia, A Coruña, 1943)

Pamen Pereira (Ferrol, 1963)

Beatriz Rey (A Coruña, 1940)

Mercedes Ruibal (San Andrés de Xeve, Pontevedra, 1928 - Vigo, 2003)

Texto curatorial

“MULLERES DO SILENCIO”

De Maruja Mallo a Angela de la Cruz

A historia da arte occidental foi construíndo durante séculos os seus propios códigos, favorecendo o protagonismo da figura do creador masculino e excluindo as mulleres dos principais movementos que conforman a historia da arte occidental. Esta visión da historia da arte como un discurso parcial e nesgado foi investigada por historiadoras como Linda Nochlin que en 1971, no xa considerado texto fundacional da crítica artística feminista, se preguntaba "Por que non houbo ao longo da historia grandes mulleres artistas?". Con iso non facía máis que formular no territorio artístico unha cuestión que se podía aplicar a calquera outro ámbito social ou cultural. A inexistencia de mulleres artistas non era consecuencia da súa propia natureza, senón do papel que ao longo da historia lle asignara a sociedade. Deste xeito, será a partir dos anos setenta do pasado século cando se inicie a construción/reconstrución dunha historia paralela que poñía en tea de xuízo a propia historia da arte e a súa valoración do traballo das mulleres artistas, relegadas a ser simples obxectos en lugar de suxeitos activos. En España esta construción/reconstrución, ese emprender o camiño cara á historia da arte feminista iniciárase a comezos dos anos oitenta do pasado século. En 1984 a Universidad Autónoma de Madrid, no seu seminario de Estudios de la Mujer, organiza unhas xornadas, cuxas actas foron publicadas baixo o epígrafe *La imagen de la mujer en el arte español*, e que ían ser o primeiro intento de achegarse ao estudio de mulleres artistas en España. Seguiría en 1987 o libro *La mujer y la pintura en el XIX español*: tese doutoral de Estrella de Diego, unha das máis sólidas e importantes investigadoras e estudosas do papel da muller na creación artística en España. Será xa na década dos noventa cando o achegamento feminista á historia da arte se "normalice": en 1992 tradúcese o libro de W. Chadwick *Mujer, Arte y Poder*; publícase "El andrógino asexual", de Estrella de Diego, e comezan a realizarse exposicións en torno á recuperación e revisión da obra de mulleres artistas —"100%", "Territorios indefinidos" (1995); "El rostro velado" (1997); "La batalla de los géneros" (2007)— e a publicarse traballos como *Bajo vientre* (1997); *Apariencia e identidade masculina, de la Ilustración al Decadentismo* (1996) de Carlos Reyero; ou *Historias de Mujeres, historias del arte* (2003) de Patricia Mayayo.

En Galicia ese achegamento feminista á historia da arte, ou esa revisión do acontecido co papel cumprido polas mulleres ao longo do século XX, ten as súas primeiras referencias nas Bienais de Artistas Galegas (1987, 1990, 1994 e 1997) organizadas polo colectivo Alecrín que empezaron a sacar á luz o traballo exclusivo de mulleres, ás que seguiron exposicións como "Presente Plural" (1994); "A arte inexistente" (1995); "Nos-outras. Pintoras, poetas e orgullo de ser muller" (1997);

"Clónicas" (2004); "Marxes e mapas" (2008); "Generosas y fuertes" (2009); "Artistas. Proxectos de visibilización", "Elas fan tech" (2013). No aspecto documental cabe destacar a importante achega do recente informe, *Arte+Mulleres. Creadoras galegas* (2015) realizado polo Consello da Cultura Galega e dirixido por M^a Luisa Sobrino, onde se revisa pormenorizadamente o protagonismo das artistas en Galicia en diferentes ámbitos, entre os anos 1990-2013. As súas conclusións desvelan que a pesar do avanzado no terreo da promoción e difusión das artes plásticas, as cifras da desigualdade entre artistas mulleres e homes en Galicia seguen sendo unha realidade, ou o

que é o mesmo a constatación de que "o recoñecemento artístico feminino segue sendo minoritario con respecto ao dos homes"¹.

É evidente que dende a década dos noventa, a presenza e o papel cada vez máis activo das mulleres na arte constitúe unha realidade nun mundo globalizado e por suposto, no mapa da creación artística en Galicia. Pero se tamén en Galicia, podemos falar neste momento de igualdade e mesmo de maior presenza entre mulleres e homes en termos de formación, o recoñecemento do traballo e polo tanto, o posicionamento dentro do que constitúe a armazón do sistema artístico, segue sendo minoritario con respecto ao dos homes. Sen ir máis lonxe, as porcentaxes de matriculación entre mulleres-homes na Facultade de Belas Artes de Pontevedra dende a súa creación no curso académico 1990/91, sempre estiveron nunha proporción próxima ao 70%-30%, mesmo nos estudos do terceiro ciclo, aínda que este acceso maioritario á formación e polo tanto á obtención, case sempre con cualificacións máis brillantes, dunha cualificación específica, non se equiparase co protagonismo que alcanzan no mundo profesional.

A súa presenza nas exposicións temporais de relevancia, coleccións de arte, programación de galerías ou repercusión mediática segue sendo escasa. Sirvan como exemplo algúns datos achegados por un informe realizado pola asociación profesional MAV (Mulleres nas Artes Visuais) publicado no ano 2014: as mulleres protagonizaron só o 20% das 973 exposicións que se organizaron en España durante os últimos dez anos, e soamente o 13% das artistas españolas figuran nas coleccións permanentes dos museos de arte contemporánea deste país. Máis recentes son os datos que a mesma asociación achega sobre a presenza das artistas na feira ARCO 2016, onde o número de mulleres representadas foi de 945 fronte a un total de 2.741 homes. En Galicia e seguindo o informe *Arte+ Muller. Creadoras galegas*², os datos de participación feminina en exposicións colectivas durante o período 1990-2013 en diferentes centros e museos, oscilan entre o 17 e o 30%. Con respecto ás exposicións individuais, as conclusións son contundentes: "canto maior relevancia e lexitimación teñen os espazos e ás institucións, menor presenza teñen ás mulleres artistas".

Por iso, e tal como afirmaba Rosa Olivares no editorial do monográfico *Feminismo y arte de género* publicado pola revista *Exit*³, "parece que aínda o feminismo segue sendo necesario e non só como movemento radical, senón como un campo de estudo, un campo que se expandiu nos estudos de xénero e que nos presenta aínda máis preguntas por responder". Cuestións que nos deberían permitir afondar no que significa ser creador, pero engadindo que no caso das mulleres como afirma a historiadora Patricia Mayayo "non dende fóra da cultura, senón que se viron abocadas a traballar dentro desa mesma cultura pero ocupando unha posición secundaria, moi distinta á dos artistas varóns".

Todo este escenario é o que case dúas décadas despois, nos levou a formular unha relectura actualizada de "A Arte Inexistente"⁴. Dende a perspectiva do tempo transcorrido, situámonos no espazo histórico-temporal das primeiras décadas do século XXI para, alén de constatar as ausencias, intentar construír contextos, visualizar relatos, protagonismos e visións máis amplas

¹ *Arte+Mulleres. Creadoras Galegas*. Sección de Creación e Artes Visuais Contemporáneas. M^a Luisa Sobrino Manzanares (ed.) Consello da Cultura Galega, 2015

² Op. Cit., 2015

³ OLIVARES, R.. *Barbie en el país de las maravillas*. Feminismo y arte de género. Exit Book, nº8, 2008

⁴ *A Arte Inexistente. As artistas galegas do século XX*. Santiago de Compostela. Auditorio de Galicia, 1995.

sobre as achegas e o papel que cumpriron algunhas artistas na historia da creación plástica da Galicia contemporánea. Tomando como referente o acceso a unha formación académica que lles permite afianzar o seu carácter profesional, a exposición percorre diferentes xeracións de artistas ata chegar a aquelas creadoras que poden realizar por vez primeira os seus estudos superiores en Galicia, tras a creación da Escola de Belas Artes de Pontevedra en 1990.

Dende o punto de vista estrutural, a exposición fórmulase en catro ámbitos onde se buscou analizar e afondar nos contextos nos que estas artistas traballaron, facendo fincapé en cuestións como o seu insignificante protagonismo nos movementos de vangarda anteriores á Guerra Civil, a posguerra e a obrigada emigración cara a outros centros artísticos fóra de Galicia, a chegada da democracia e o impulso dinamizador que van coñecer as artes plásticas en Galicia e finalmente, os novos escenario formativos nos que as nosas artistas comezarán as súas traxectorias nos inicios do século XXI.

As primeiras décadas do século XX marcan o nacemento de dúas artistas: **Maruja Mallo** (Viveiro, Lugo, 1902 - Madrid, 1995) e **Julia Minguión** (Lugo, 1906 - Madrid, 1965), dúas pintoras radicalmente diferentes no xeito de concibir tanto a súa vida persoal como artística, mais cunha clara conciencia do que significa ser profesional. Ambas as dúas formáronse na madrileña escola de Belas Artes de San Fernando, pero os seus mundos creativos serán opostos: a adhesión aos postulados do surrealismo e unha actitude innovadora e rupturista, fronte a unhas concepcións vitais e artísticas de corte máis tradicional e academicista. Dúas liñas que se establecerán nos anos posteriores á Guerra Civil dende o exilio e o “regreso á orde” do novo réxime. Xunto a elas, **M^a Carmen Corredoyra y Ruiz de Baro** (A Coruña, 1893-1970) e **Dolores Díaz Baliño** (A Coruña, 1905-1963), converteranse nas dúas primeiras mulleres artistas membros de número da Real Academia Galega de Belas Artes ao seren nomeadas no ano 1938.

Tras a Guerra Civil e o exilio posterior de boa parte dos artistas galegos, fundamentalmente a América, as décadas seguintes marcarán unha etapa de penuria e aridez creativa que provocará a saída das nosas artistas fóra de Galicia, buscando nun ambiente de maior liberdade a oportunidade de poder formarse profesionalmente e coñecer novas tendencias e linguaxes creativas. Algunhas delas a plasmarán nunha pintura de territorios de intimidade como a de **M^a Victoria de la Fuente** (Vigo, 1927 - Madrid, 2009) e **M^a Elena Fernández-Gago** (A Coruña, 1940-2011); nas linguaxes abstractas de **Fina Mantiñán** (A Coruña, 1932) e **Beatriz Rey** (A Coruña, 1940); na figuración inxenuísta e popular de **M^a Antonia Dans** (Oza dos Ríos, A Coruña, 1922 - Madrid, 1988); ou na máis expresionista de **Mercedes Ruibal** (San Andrés de Xeve, Pontevedra, 1928 - Vigo, 2003), sen esquecer a innovación que **Elena Colmeiro** (Costela, Silleda, Pontevedra, 1932) traslada a un medio “tradicionalmente” feminino como é a cerámica. A partir dos anos setenta, outra muller evolucionará tamén dende a cerámica cara á linguaxe tridimensional, **Soledad Penalta** (Noia, A Coruña, 1943). Igualmente, a cerámica será o punto de partida para **María Xosé Díaz** (Catoira, Pontevedra, 1949).

A progresiva renovación que as artes plásticas tiveron en España **dende comezos dos oitenta** foi a resposta á necesidade do cambio cultural que a sociedade española demandaba tras a chegada da democracia. Estes anos suporán tamén, para as artes plásticas galegas, o inicio dunha dinamización que as porá en sintonía coas buscas e inquietudes doutros ámbitos tanto creativos como xeográficos: dende as novas linguaxes de *Atlántica*, nas que se integra como única muller **Menchu Lamas** (Vigo, 1954), presenciamos un número cada vez maior de mulleres artistas nun tempo marcado pola creación e demarcación de territorios individuais, nos que tamén algunhas,

como **Rosalía Pazo Maside** (A Estrada, Pontevedra, 1956), comezarán a indagar sobre a cuestión da identidade. **Berta Cáccamo** (Vigo, 1963) e a súa pintura de vocación abstracta traballada en veladuras e campos de cor; o simbolismo poético e minimalista de **Pamen Pereira** (Ferrol, 1966); o triunfo fóra da súa terra da renovación do territorio pictórico de **Angela de la Cruz** (A Coruña, 1965); ou a pluralidade nas relacións sensoriais, cromáticas e espaciais de **Mónica Alonso** (A Fonsagrada, Lugo, 1970), son algún dos exemplos desta continua investigación dos camiños da linguaxe plástica.

A **década dos noventa** vaise iniciar en Galicia con dous novos e importantes referentes na normalización e difusión da arte contemporánea: a creación da Facultade de Belas Artes de Pontevedra (1990) e a posta en funcionamento do CGAC, Centro Galego de Arte Contemporánea (1993). A un escenario que propiciará o maior acceso do público a exposicións de carácter internacional e a inclusión de Galicia dentro dos circuitos da arte contemporánea, hai que engadir a presenza dunha nova xeración de artistas formadas na súa terra. **Almudena Fernández Fariña** (Vigo, 1970) e **Tatiana Medal** (A Coruña, 1971) pertencen á primeira promoción de artistas saídas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde se licencian en 1995, sendo incluídas nunha exposición de referencia obrigada para esa primeira xeración, *30 anos no 2000. Artistas galegos para un cambio de milenio*. O medio pictórico, ben dende a constante reflexión sobre a pintura e os seus límites de Fernández Fariña, ou dende a creación de estruturas xeométricas e espazos abstractos de Medal, serán os contextos creativos destas dúas mulleres artistas que empezan a súa traxectoria no comezo do século XXI.

É evidente que neste século XXI temos xa asumido que a arte e a súa práctica non teñen xénero, aínda que máis complexo parece poder aplicar este criterio cando falamos da armazón do sistema artístico, que segue marcando en todas as súas facetas o feminino como "algo diferente" e polo tanto, moitas veces posto en cuestión. Será esa a razón para que aínda hoxe teñamos que falar dalgunhas das nosas artistas como Mulleres do silencio?

Rosario Sarmiento

Comisaria da exposición

Sobre a comisaria

Rosario Sarmiento Escalona é licenciada en Xeografía e Historia, cunha salientable traxectoria profesional na programación e xestión de proxectos culturais de diversa tipoloxía: artes plásticas, música, teatro, cinema, audiovisual, conferencias, publicacións, etc. Ten un amplo coñecemento do eido cultural e moi especialmente do relacionado co sistema da arte e o coleccionismo, crítica, mercado, museos e institucións, galerías e artistas.

Con máis de trinta anos de experiencia profesional, dirixiu a colección de arte Caixa Galicia, actualmente Abanca, e foi subdirectora da Fundación Caixa Galicia, cunha importante traxectoria na dirección e xestión dunha colección de arte corporativa, así como na selección de obras para a súa posible adquisición e de artistas para a programación de exposicións e actividades, e na organización, comisariado, coordinación, deseño e montaxe de exposicións. Colaborou con diversas institucións, entre outras, Academia de Belas Artes de Galicia, Auditorio de Galicia, Concello da Coruña, Xunta de Galicia, Museo Casa Natal Picasso, Chillida-Leku, Casa del Lector Madrid, Museo e Bienal de Pontevedra, Museo das Mariñas e Museo Arqueolóxico da Coruña.

A súa actividade inclúe a xestión de proxectos culturais de amplo espectro, e a difusión de actividades culturais a través da organización e xestión de proxectos didácticos. Entre 1992 e 1996 foi crítica de arte no suplemento cultural de *La Voz de Galicia*, colaborando tamén en revistas especializadas como *Arte Ibérica*, *Arte Omega* e *Arco Noticias*. É autora e coautora de diversas publicacións, e foi membro fundador da Asociación Galega de Críticos de Arte. Ten comisariado, entre outras, as exposicións *Carlos Sobrino; Si une grand'âge...; Julia Minguillón; A Xeración Doente; Contravento e Marea; A arte inexistente: artistas galegas do século XX; Urbano Lugris: viaxe arredor do meu mundo; Territorio de mujeres; Isaac Diaz Pardo; Picasso: entre el equilibrio y el vértigo*.

www.rosariosarmiento.gal

Información e visitas guiadas

O persoal de salas está a disposición dos visitantes para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

Todos os días ás 18.00

Visitas 'á carta' para grupos, previa cita no tel. 986 113900/11

Contacto Departamento de Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00

marta.viana@marcovigo.com

<http://www.facebook.com/marcovigo>

twitter. @MARCOVigo3



FUNDACIÓN MARCO: Ayuntamiento de Vigo, Xunta de Galicia,
Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

R/ Príncipe 54. 36202 Vigo, Pontevedra. Tel: +34 986 113900. Fax +34 986 11 39 01

info@marcovigo.com | www.marcovigo.com



GUÍA DE IMAXES + PÉS DE FOTO

MULLERES DO SILENCIO. De Maruja Mallo a Angela de la Cruz

<p>01_ Mónica Alonso</p>	<p>Mónica Alonso <i>Angustia fría – Angustia quente</i>, 2009-2010 Poliéster pintado, equipo de aire acondicionado, circuito de calor, texto Medidas variables Cortesía da artista (<i>Angustia quente</i>) Colección privada (<i>Angustia fría</i>) Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>02_ Berta Cáccamo</p>	<p>Berta Cáccamo <i>Verquido nº 1</i>, 2003 Acrílico sobre tea 180 x 180 cm Colección privada Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>03_ Elena Colmeiro</p>	<p>Elena Colmeiro Vista de sala da exposición 'Mulleres do silencio' <i>Sen título</i>, 1967-1986 Cerámica, esmalte, refractario, óxidos Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>04_ M^a Antonia Dans</p>	<p>M^a Antonia Dans <i>La frutera</i>, 1960 Óleo sobre lenzo 97 x 162 cm Colección Museo de Pontevedra Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>05_ Angela de la Cruz</p>	<p>Angela de la Cruz <i>Clutter with Wardrobes</i>, 2004 Madeira, 162 x 112 x 101 cm Colección Fundación Helga de Alvear, Cáceres <i>Superclutter (red/purple)</i>, 2004 Óleo e acrílico sobre lenzo, 193 x 119 x 86 cm Colección Arte Contemporáneo-Museo Patio Herreriano, Valladolid <i>Loose Fit (Black)</i>, 2002 Óleo sobre lenzo, 100 x 100 x 50 cm Colección Fundación Barrié Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>06_ M^a Victoria de la Fuente</p>	<p>M^a Victoria de la Fuente <i>La noche</i>, 1967 Óleo sobre lenzo 73,5 x 100,5 cm Colección Museo de Pontevedra Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	

<p>07_María Xosé Díaz</p>	<p>María Xosé Díaz <i>Sen título</i>, 1993 Malla de plástico, arxila expandida, cáñamo Medidas variables Colección Consorcio de Santiago de Compostela Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>08_Dolores Díaz Baliño</p>	<p>Dolores Díaz Baliño <i>Hada</i>, 1925 (detalle) Técnica mixta sobre papel 55 x 27 cm Colección privada Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>09_Almodena Fernández Fariña</p>	<p>Almodena Fernández Fariña <i>Guárdate de ese mal genio</i>, 2000-2016 Intervención mural Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>10_Mª Elena Fernández-Gago</p>	<p>Mª Elena Fernández-Gago <i>El piano</i>, s. d. Óleo sobre táboa 155 x 230 cm Colección Fundación Barrié Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>11_Menchu Lamas</p>	<p>Menchu Lamas <i>Cabalum</i>, 1997 Pintura sobre tea 250 x 250 cm Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>12_Maruja Mallo</p>	<p>Maruja Mallo <i>Basuras</i>, 1930 Óleo sobre cartón 43 x 55 cm Colección da Fundación María José Jove <i>Grajo y excrementos</i>, 1931 Óleo sobre lenzo 46 x 58 cm Colección de arte contemporáneo español de Gas Natural Fenosa <i>El espantapeces</i>, 1931 Óleo sobre lenzo 155,5 x 104,5 cm Colección privada Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	

<p>13_Fina Mantiñán</p>	<p>Fina Mantiñán Vista de sala da exposición 'Mulleres do silencio' Colaxes sobre papel, 1965 65 x 50 cm / 50 x 65 cm Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>14_Tatiana Medal</p>	<p>Tatiana Medal <i>Sen título</i>, 2001 Acrílico sobre tea 168 x 244 cm Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>15_Julia Minguillón</p>	<p>Julia Minguillón <i>Juventud</i>, 1948 Óleo sobre táboa 265 x 304 cm Colección Circulo de Bellas Artes, Madrid <i>La Tyla y yo</i>, 1943 Óleo sobre táboa 142 x 111 cm Colección de Arte Afundación Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>16_Rosalía Pazo Maside</p>	<p>Rosalía Pazo Maside <i>Espazo reversible</i>, da serie <i>Holograma roto</i>, 2000 Cartón, cristal espellado, aceiro inoxidable 178 x 90 x 105 cm Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>17_Soledad Penalta</p>	<p>Soledad Penalta <i>Sons da historia, sen fin, nin límites</i>, 2014 Aceiro inoxidable, pezas cilíndricas manuscritas Medidas variables Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>18_Pamen Pereira</p>	<p>Pamen Pereira <i>Mar glacial</i>, 2008 Alabastro 35 x 53 x 53 cm Colección privada Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	

<p>19_Beatriz Rey</p>	<p>Beatriz Rey <i>La huida II</i>, s. d. Óleo sobre lenzo 81 x 65 cm Colección privada <i>Torsos II</i>, 1973 Óleo sobre tea 116 x 89 cm Cortesía da artista <i>Hombres en silencio II</i>, s. d. Óleo sobre tea 73 x 50 cm Cortesía da artista Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	
<p>20_Mercedes Ruibal</p>	<p>Mercedes Ruibal <i>La muerte de Allende</i>, 1975 Óleo sobre táboa 88 x 114 cm Colección privada <i>Con Chile en el corazón</i>, 1970 Óleo sobre táboa 114 x 88 cm Colección privada Foto: cortesía MARCO Vigo/Enrique Touriño</p>	

MARUJA MALLO

(Viveiro, Lugo, 1902 – Madrid, 1995)

Pasa os primeiros anos da súa infancia e xuventude entre Viveiro, Tui, Verín, Xixón, Madrid e Avilés, a cidade na que empeza a pintar, copiando ilustracións de revistas da época como *Blanco y Negro* e *La Esfera*. En 1922 a súa familia trasládase definitivamente a Madrid, onde comezará —como única muller aprobada naquel exame de ingreso— os seus estudos na Escuela de Bellas Artes de San Fernando. En 1926 a Deputación Provincial de Lugo concédelle unha bolsa que será ampliada durante dous anos máis. En 1927 realiza en Tenerife —onde reside temporalmente por motivos familiares— *La Insular* ou *Mujer con cabra*, unha das súas primeiras obras de referencia, incluída nesta exposición.

Comeza a trazar a súa traxectoria no Madrid das primeiras décadas do século XX, ao que chegan os ecos das vangardas europeas, no baluarte surrealista da Residencia de Estudiantes, onde coñecerá a Buñuel, García Lorca, Dalí e Moreno Villa. Realiza a súa primeira exposición na *Revista de Occidente* en 1928, con trinta obras da serie *Verbenas*, onde plasma o ambiente festivo e popular madrileño en espazos sobrecargados de obxectos, con gran liberdade compositiva e intencionalidade satírica; e a serie *Estampas*, na que obxectos cotiáns se descontextualizan e adquiren unha dimensión subconsciente.

A partir de 1931 a súa visión do mundo cambia e a súa obra vai sufrir unha transformación: un surrealismo inspirado no mundo rural, a partir das propostas da Escuela de Vallecas, de Benjamín Palencia e Alberto Sánchez, aos que axiña se unirá coa súa serie *Cloacas y campanarios*. Os seus cadros reflicten agora un mundo inhóspito, telúrico, de lixo e terras encharcadas, de ósos, esqueletos e fósiles onde dominan as texturas, as formas incisivas, os tons escuros, negros, pardos ou grises. En 1932 a Junta de Ampliación de Estudios de Madrid concédelle unha pensión para ir a París, onde exporá estas obras na galería Pierre Loeb. Picasso, Jean Cassou, Vicente Huidrobo e André Breton (que mercará o cadro *Espantapájaros*) visitan a exposición.

De regreso en Madrid, alterna a súa traxectoria artística coa docencia no Instituto de Arévalo e na Escuela de Cerámica. Tamén imparte clases de debuxo na Residencia de Señoritas (1934), grupo feminino da Residencia de Estudiantes e primeiro centro feminino creado en España para fomentar a educación superior da muller. En 1933 conecta co Grupo Construtivo de Torres-García, o que lle influirá nun proceso de depuración e esencialización do que serán produto as súas series *Arquitecturas vegetales* e *Arquitecturas minerales*, que exporá na mostra colectiva do grupo ADLAN (Amigos da Arte Nova) de 1936, o mesmo ano en que participa tamén no Pavillón Español da Bienal de Venecia.

A Guerra Civil obrígaa a emprender un longo exilio americano que comeza en febreiro de 1937. En América alternará o traballo pictórico —con series como *Cabezas de mujer*, *Retratos bidimensionales*, *Máscaras*— co seu labor como muralista e relatora. Reatópase con Gómez de la Serna, que escribirá un amplo ensaio para o libro *Maruja Mallo* (editorial Losada), onde se incluírán os seus traballos *Proceso histórico de la forma* e *Lo popular en la plástica española*.

En 1962 regresa definitivamente a España e participa en varias exposicións colectivas. Realiza un cartaz de litografías como *Homenaje a la Revista de Occidente*. En 1990 recibe a Medalla de Ouro da Comunidad de Madrid, e un ano despois a da Xunta de Galicia. Falece en Madrid en 1995.

Dúas exposicións antolóxicas realizadas en Galicia nos últimos anos revisaron a súa obra: unha no CGAC (Santiago de Compostela, 1993) , e outra organizada pola Fundación Caixa Galicia e Ministerio de Cultura (Vigo/Madrid 2009). Recentemente, a Real Academia Galega de Belas Artes acordou dedicar a Maruja Mallo o Día das Artes Galegas 2017.

JULIA MINGUILLÓN

(Lugo 1906 – Madrid 1965)

Con dezasete anos, realiza a súa primeira obra —*Retrato de Cascarilla*, un popular vendedor de xornais—, pola que obtén unha bolsa da Deputación Provincial de Lugo para estudar na Escuela de Bellas Artes de San Fernando. Licénciase en 1932 e un ano máis tarde participa por primeira vez no Concurso Nacional de Retratos, coa obra *Retrato de Mujer*. En 1934 participa na Exposición Nacional, obtendo a 3ª Medalla pola súa obra *Jesús con Marta y María*.

Ao estalar a Guerra Civil regresa a Galicia. En 1939 casa co xornalista Francisco Leal Insua e pinta unha das súas obras de referencia, *Mi familia*.

Na Exposición Nacional de 1941 obtén a 1ª Medalla —a única obtida por unha muller ao longo da historia destas exposicións— por *La Escuela de Doloriñas*, que se exporá en 1942 en Berlín e no pavillón Español da Bienal de Venecia. Esta obra, pertencente á colección do MNCARS Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, foi incluída recentemente na exposición “Campo pechado. Arte e poder na posguerra española 1939-1953”. Nesta ocasión o cadro expónse xunto ao seu bosquejo, realizado en óleo sobre cartón, que se conserva no Museo de Pontevedra.

En 1945 realiza a súa primeira exposición individual en Madrid, no Círculo de Bellas Artes, onde inclúe como novidade un grande número de paisaxes. En 1948 obtén o 1º Gran Premio do Círculo de Bellas Artes, neses momentos o mellor dotado economicamente en España, pola súa obra *Juventud*: o retrato dun grupo de mulleres novas nun ambiente bucólico no que soñan, se acicalan e esperan; un espírito feminino pasivo e sen conflitos que se acomoda á “orde” establecida.

As exposicións das salas Velázquez (Vigo, 1951) e Toisón (Madrid, 1954) mostrarana como unha prolífica retratista, fundamentalmente de mulleres da burguesía, destacando o de *Elena Tormo*, de gran sobriedade e unha conseguida construción formal e lumínica. O seu autorretrato *La Tyla y yo* é unha das obras especialmente queridas pola artista, e supón a primeira composición que pinta ao aire libre en medio dunha paisaxe convencional e decimonónica. Exhibiuse en 1947 na exposición de pintura feminina europea e americana en The Women's International Art Club, Londres.

En 1958 realiza en Guatemala a súa última exposición individual, e en 1960 participa na colectiva de pintoras galegas que conmemoraba o 25º aniversario da Asociación de Artistas da Coruña. En 1961 o seu marido é nomeado director da revista *Mundo Hispánico*, e trasládanse a Madrid, onde falecerá en 1965.

M^a ANTONIA DANS

(Oza dos Ríos, A Coruña, 1922 - Madrid, 1988)

Nace na aldea coruñesa de Oza dos Ríos, pero pasará a súa infancia e primeiros anos de xuventude en Curtis, onde se traslada a vivir coa súa familia. Ese ámbito rural da Galicia interior, coa súa idiosincrasia xeográfica e humana, será unha constante fonte de inspiración para a súa obra. Inicia nos anos da posguerra unha formación case autodidacta, na que serán importantes as clases que recibe de Lolita Díaz Baliño na Coruña, cidade na que realiza a súa primeira exposición xunto con Gloria de Llano en 1951.

En 1952 casa co xornalista Celso Collazo e trasládase a vivir a definitivamente a Madrid. A influencia de Benjamín Palencia e de La Escuela de Madrid será evidente nas súas primeiras obras; unha pintura figurativa e de paisaxes, con forte protagonismo da cor como medio para construír os volumes. Durante estes anos comezará unha longa lista de exposicións por diferentes puntos da xeografía española, europea e americana, e recibirá numerosas bolsas e premios.

Os anos setenta serán os de consolidación dunha linguaxe creativa propia, na que Galicia, a cor e a idiosincrasia do campo galego están sempre presentes. Paisaxes, campesiñas, vendedoras, pequenas escenas portuarias, constitúen a espiña dorsal das súas obras. Unha temática simple que transcribe cunha linguaxe formal primitiva, cun intenso cromatismo no que abundan os tons puros, nos que deposita toda a forza argumental e que confiren aos seus cadros un aspecto plano, sen apenas perspectiva.

M^a Antonia Dans nunca rompeu os vínculos coa súa terra, da que se sentía orgullosa e á que volvía con frecuencia, sobre todo nas súas viaxes estivais, que aproveitaba para realizar apuntamentos e debuxos de paisaxes. Foi unha muller adiantada ao seu tempo, loitadora e consciente da dificultade que supoñía para unha artista asumir o reto da independencia e a modernidade nos anos anteriores á democracia en España.

M^a ELENA FERNÁNDEZ-GAGO

(A Coruña, 1940 - 2011)

Recibe a súa primeira formación artística a través das clases que impartía Dolores Díaz Baliño no seu taller da Coruña, e que compartirá con pintoras como M^a Antonia Dans. Máis tarde trasládase a Madrid e estuda composición e colorido na Escuela de Bellas Artes de San Fernando, ao tempo que asiste a clases no Círculo de Bellas Artes.

Realiza as súas primeiras exposicións entre 1959 e 1962, mostrando unhas paisaxes de vivas e vibrantes cores nas que emprega a técnica do *gouache*. Posteriormente o seu traballo evolucionará cara a unha pintura figurativa e intimista, e a exaltación dos cantos cotiáns da xeografía humana converterase no fio condutor de toda a súa obra. Os seus temas, centrados en obxectos e espazos cotiáns —sofás, camas, xanelas, salóns, portas—, serán as referencias dunha pintura construída en pequenos toques de cor case puntillistas, traballados nas súas texturas, matizados en cálidos tons e gradacións tonais.

A partir de 1972 vai expoñer fóra de España —Múnic, Bruxelas, Xenebra, París, Nova York, Bos Aires... — e obtén un gran recoñecemento. A súa obra seguirá mantendo a mesma dicción, utilizando a miúdo nas súas composicións puntos de vista próximos, de vocación fotográfica, con picados e contrapicados, xogos de luces e sombras, que reitera buscando esas atmosferas luminosas que envolven os obxectos que retrata, tan características de toda a súa obra. Elena Gago poetiza, non sen certo halo melancólico, as paisaxes da nosa xeografía máis próxima e cotiá.

MERCEDES RUIBAL

(San Andres de Xeve, 1928 - Vigo, 2003)

Nace na aldea de Xeve (Pontevedra), na que pasa a súa infancia e xuventude durante os duros anos de posguerra. En 1956 viaxa a Bos Aires, onde o seu irmán o dramaturgo José Ruibal introduciraa no entón efervescente ambiente cultural da capital arxentina. Asiste por libre á Escola de Belas Artes, pero será o pintor Laxeiro, que residía daquela na capital bonaerense, quen exercerá un auténtico maxisterio. Un ano máis tarde regresa a Galicia e expón en Vigo. Posteriormente viaxa a Madrid, onde se sente fascinada pola cidade, polo ambiente de bohemia do Café Gijón, o Museo del Prado, Velázquez e as pinturas negras de Goya.

En 1959 casa co pintor e arquitecto Agustín Pérez Bellas, e vivirán en Vigo con continuas viaxes a Madrid. A comezos dos setenta pasa un tempo en Roma, onde entra en contacto con intelectuais e artistas españois no exilio, fundamentalmente Rafael Alberti. Expón en Roma (1974), Florencia (1975) e Verona (1977), así como nas galerías Biosca, Darro e Quijote de Madrid. O Concello de Vigo organizou unha das súas retrospectiva máis completas na Casa das Artes no ano 1993.

A traxectoria creativa de Mercedes Ruibal evolucionou dende unha temática cotiá protagonizada por nenos e maternidades, a unha pintura de composicións máis complexas e de maior dramatismo. Unha obra que nos ofrece un xeito de ver e entender o mundo; unha visión case inxenuista do expresionismo que plasmou tamén a través da literatura. En 1978 publica un libro de poemas, *Confesiones de volatinera con bragas de respuesto al dorso*, e en 1982, tras o falecemento do seu marido, *Y mi voz es tu nombre*.

ELENA COLMEIRO

(Costela, Silleda, Pontevedra, 1932)

En 1941, con nove anos de idade, trasládase con parte da súa familia a Bos Aires, onde o seu pai —o pintor Manuel Colmeiro— chegara en 1936, ao estalar a Guerra Civil. En 1948 ingresa na Escuela Nacional de Cerámica, obtendo o título de profesora de cerámica como expresión plástica. En 1954 realiza a súa primeira exposición na Galería Müller de Bos Aires, onde mostrará cerámica utilitaria decorada.

En 1955 regresa a España. Un ano máis tarde realiza a súa primeira exposición na sala Velázquez (Vigo) e en 1958 casa con Jesús Valverde, trasladándose a vivir a Madrid. Este matrimonio non só cambiará a súa vida persoal, senón que será determinante na súa traxectoria artística. O seu sogro posuía fábricas de vidro, cuxa infraestrutura porá ao seu servizo, abríndolle un territorio cheo de novas posibilidades técnicas.

As súas cerámicas comezan a evolucionar dende o “utilitario” cara ao “escultórico”, cunha valoración cada vez maior do elemento espacial. Utilizará material refractario con rematado áspero e protagonismo da materia; unha influencia do informalismo que se reflicte no seu vocabulario abstracto e no protagonismo das texturas. En 1964 obtén a Bolsa da Fundación Juan March e en 1968 unha bolsa de viaxe para o Mills College de Oakland, San Francisco, outorgada tamén pola Fundación Juan March.

A partir de 1970 o seu traballo desenvólvese nunha dobre dirección: por un lado, pezas de grande formato, de cromatismo parco e unha busca de movemento baseado no uso da espiral; por outro, obras máis reducidas, onde reflexiona sobre a propia materia que converte en informe, anacos de barro que retorce e amasa. A década dos oitenta supón un cambio moi importante: deixa de modelar e comeza a construír. As súas obras serán o resultado de engadir anacos de placas que crecen en altura, en aparente anarquía e cunha gama de cores azuis, ocre, brancos e terras. Ata comezos dos noventa, realiza pezas onde utiliza tanto o carburo de silicio como o barro, dous materiais que lle permiten conseguir obras de carácter construtivo e orgánico, e introducir materiais como o ferro e a madeira.

Entre 1990 e 1991 é invitada no European Ceramics Work Centre de Holanda, onde traballará con diferentes materiais e investigará sobre o refractario. A súa obra de finais dos noventa e comezos do novo século vai incidir en temas como o movemento, desenvolvendo unha serie de formas circulares a xeito de discos fragmentados de material refractario que esmalta en grandes campos de cor.

A partir de 2004, as formas circulares, a idea de parede, a unión de ferro e ladrillo, plásmanse en diferentes series. O reciclado de ladrillos, o reaproveitamento de vigas repintadas xunto a anacos de barro, confire modernidade a estas obras, baseadas na reutilización e na recontextualización.

A súa longa traxectoria fai que Elena Colmeiro sexa considerada unha precursora da escultura cerámica en España. Inqueda e innovadora, investigadora de materiais e linguaxes, non só conseguiu converter en escultura a cerámica —unha materia artesanal e “tradicionalmente feminina”— deixando atrás concepcións e estereotipos, senón que foi quen de crear unha linguaxe persoal rompendo convencionalismos e investigando sobre o uso de novos materiais industriais. “Eu non fago cerámica, constrúo cos materiais”.

M^a VICTORIA DE LA FUENTE

(Vigo, 1927 - Madrid, 2009)

Filla do arquitecto Jenaro de la Fuente, trasládase moi nova coa súa familia a Madrid. Tras a súa formación con Julio Moisés e na Escuela de Bellas Artes de San Fernando (1952-53), comeza a súa traxectoria artística en 1962, dentro dunha vocación neofigurativa non exenta de certo aire expresionista e dun léxico no que o tratamento da materia plástica e a cor se erixían como elementos determinantes, achegándose mesmo a unha abstracción informalista.

En 1962 realiza a súa primeira exposición individual no Ateneo de Madrid, daquela un referente de prestixio no ambiente artístico da capital. En 1964 casa co pintor Máximo de Pablo e viaxan cunha bolsa da Fundación Juan March a Holanda, Bélxica, Francia e Italia. Visitan Venecia, onde participa no pavillón español da XXXII Bienal con tres obras seleccionadas polo comisario Luis Gonzalez Robles. En 1965 participa no Salón Feminino do Museo de Arte Contemporánea de París.

En 1966 obtén a 3^a Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes, e en 1970 realiza unha exposición individual na madrileña Galería Biosca, unha das máis importantes do momento, onde o Museo de Arte Contemporánea adquire *La vieja dama*. A esta seguirán unha longa lista de exposicións por toda a xeografía española, moitas delas en Galicia, como as retrospectiva da Caixa de Aforros de Vigo (1992) e do Museo de Pontevedra (2003). En 1997 a Xunta de Galicia, concédelle a Medalla Castelao, e en 2007 é elixida membro da Real Academia Galega de Belas Artes.

O seu sólido oficio e sobre todo a súa vocación por “representar o individual de cada personaxe ou obxecto, o que pode haber de solitario en cada ser” —tal como sinala Fernández Brasso en *M^a Victoria de la Fuente. Brío emocional* (1992)— condúcena a un lento proceso evolutivo a partir dos anos setenta, nos que a súa técnica cambia convertendo a materia en suaves veladuras, lixeiras texturas azuladas, amarelas e ocre. Unha pintura coa que buscaba “afondar no circundante”; estampas dun mundo próximo —bodegóns, espazos do seu estudio, retratos— que transcribe sen anécdotas, buscando a individualidade de cada ser, de cada obxecto, que semellan ancorados no tempo, rodeados de silencio e conectados cun cromatismo e un xogo lumínico que actúan tamén como elementos expresivos.

FINA MANTIÑÁN (Josefa Mantiñán Alvedro)

(A Coruña, 1932)

Inicia a súa formación na Escola de Artes e Oficios da súa cidade natal, asistindo ao mesmo tempo a clases co pintor Mariano García Patiño. En 1960 trasládase a París, onde continúa os seus estudos de pintura, primeiro na Escola de Montparnasse (1963), e entre 1965 e 1970 na Escola Superior de Belas Artes, bolseira pola Deputación Provincia da Coruña.

Comeza a expoñer na capital francesa a mediados dos anos sesenta en diferentes colectivas: XII salón de Boulogne Bilancourt (1966), Escola de Montparnasse (1967), Academia Europea das Artes (1968).

Obtén unha serie de premios como o segundo *Accésit* da Cidade de París (1966), e 1ª e 2ª *Mención Honorífica* da Cidade de París (1966, 1968).

En 1968 realiza a súa primeira exposición individual en Galicia na Asociación de Artistas da Coruña, e posteriormente expón en Vigo, A Coruña (Galería Adro) e na Embaixada Española de París. Participa en mostras colectivas na Escola Superior de Belas Artes de París, Instituto Cervantes, Galería Heurouet, Centro Cultural de Chaillot (1979), entre outros.

Ao regresar a Galicia instálase definitivamente na Coruña e abre o seu taller para dedicarse fundamentalmente ao ensino. O seu sólido oficio, que trasladou tanto ao debuxo —colaxe— como á obra gráfica é, non obstante, moi pouco coñecido en Galicia. “O abstracto é para min a controversia da vida e sírvome dela para manifestar as miñas inquietudes sociais e ata políticas”. A súa obra, que evolucionou dende unha inicial figuración a un traballo marcado pola abstracción, de claro sentido construtivo e repleto de simboloxía, segue permanecendo silenciada; envolvida, como a doutras artistas mulleres, na nebulosa dun esquecemento difícil de rescatar.

BEATRIZ REY

(A Coruña, 1940)

Nace no seo dunha familia da burguesía coruñesa, e coñecerá, sendo moi nova, referentes da cultura galega contemporánea como Luis Seoane, Rafael Dieste, Laxeiro, Arturo Souto, Eduardo Blanco Amor, ou Manuel Colmeiro.

En 1963 inicia a súa formación na Escuela de Bellas Artes de San Fernando (Madrid), onde se gradúa en Artes aplicadas. En 1966 obtén unha bolsa da Residencia de Artistas de Segovia e un ano máis tarde intégrase en Estampa Popular Galega, única muller do grupo liderado por Reimundo Patiño e co que realizará varias exposicións en Galicia e Montevideo (1969-1970). Ilustra *Catón Gallego* (Edicións do Castro) e expón en Madrid e Barcelona. Entre 1966 e 1975 comeza a traballar no que serán as súas primeiras obras, de marcado carácter construtivista e acusado cromatismo influenciado polo *pop-art*.

A comezos dos anos setenta participa na formación do grupo SISGA liderado por García Varela, que será fundamental para a súa traxectoria profesional, creando unha linguaxe moi persoal. Se ben a obra de Beatriz Rey se baseou sempre nun sentido do construtivo, a figura humana, traballada a partir de elementos xeométricos e amplos referentes simbólicos, está presente en toda a súa traxectoria artística. Entre 1976 e 1987 a súa obra vaise posicionar dentro da Nova Figuración, gañando en elementos surrealistas, simbólicos e expresionistas. Nos noventa é fundadora —xunto con Carlota Cuesta, Jesusa Quirós e Lorenzo Mena, entre outros— do grupo Puerta del Sol, vinculado á galería madrileña Ra del Rey. Nas súas obras reflicte un novo interese polas texturas e materiais, acentuando o valor autónomo da superficie pictórica coa incorporación da colaxe.

MENCHU LAMAS

(Vigo, 1954)

Estuda deseño gráfico no IADE (Institución Artística de Ensino) de Madrid, que xunto coa súa cidade natal, serán o escenario das súas primeiras experiencias creativas. Forma parte do Colectivo da Imaxe, xunto con Antón Patiño e Carlos Berride, e colabora coa revista *Loia* e o grupo de comunicación poética *Rompente*, referencias na modernización da cultura galega na segunda metade dos setenta.

A principios dos oitenta será a única muller que forme parte de *Atlántica*, un heteroxéneo grupo de pintores, escultores e arquitectos, referentes dunha modernidade e renovación plástica en Galicia, cos que exporá en Baiona, Madrid, Vigo, Salvaterra de Miño e Santiago de Compostela.

Tras a súa primeira exposición individual na Galería Buades (1982), onde mostra xa algunhas das máis significativas características formais do seu traballo —grandes imaxes e signos de chocante carga expresiva, intenso cromatismo— participa nalgúns das exposicións máis significativas da década dos oitenta en España. A súa presenza en mostras como “26 pintores, 13 críticos”, “II Salón de los 16” (1982), diferentes edicións da feira ARCO e das internacionais de Basilea e Colonia, convértena nun nome de referencia da pintura española dese período, sendo seleccionada para mostras como “Five Spanish Artists” (Nova York, 1985) xunto con Sicilia, Barceló, Campano e García Sevilla; ou a XVIII Bienal de São Paulo (1985).

Na segunda metade dos oitenta a súa pintura caracterízase pola introdución de figuras xeométricas sobre fondos nos que alterna armazóns e retículas con campos de cor. A partir dos noventa, introduce unha serie de referentes icónicos que proxecta sobre tramas, como motivos de grande forza visual, concisos e sintéticos. “As miñas primeiras obras son composicións de carácter abstracto a partir de elementos cotiáns, obxectos domésticos como escaleiras pregables, tesoiras, flexos ou mesas para a prancha. Calquera pretexto formal me servía para estruturar diferentes franxas no cadro a xeito de territorios cromáticos en expansión. Espazos en diagonal: aspas, esvásticas, cruzamentos... onde se enfrontaban os campos de cor buscando a interacción e a complementariedade, e unha composición dinámica”.

MARIA XOSÉ DIAZ

(Catoira, Pontevedra, 1949)

Licénciase en Belas Artes na Universidad de Barcelona en 1980 na especialidade de pintura, e ese mesmo ano realiza a súa primeira exposición. Comeza a interesarse polo mundo da cerámica, aprende a súa técnica de forma autodidacta e realiza as súas primeiras pezas con influencia da cerámica precolombina e oriental. En 1982 regresa a Galicia e un ano máis tarde realiza a súa primeira exposición, na que pequenas pezas de cerámica utilitaria e con forte influencia do popular, comparten protagonismo co debuxo. A finais desa década comeza a realizar pezas de maior formato, e en 1987 é seleccionada xunto a artistas como Xoan Anleo, Soledad Penalta ou Elena Colmeiro, para a exposición “Tendencias. Cerámica Galega actual”, mostra das múltiples capacidades do material cerámico para converterse nun vehículo único de expresión plástica.

A década dos noventa marcará o inicio da súa experimentación con outros materiais, nun continuo proceso de investigación que definirá toda a súa traxectoria. Primeiro o cánabo e despois o látex permitiralle abordar unha etapa de instalacións e módulos seriados, que exporá en mostras como “Trazos e camiños” (1993) ou “A arte inexistente” (1995) coa súa dobre instalación *Huella del mar*.

A partir dos anos 2000 integra nas súas esculturas arames e diferentes materiais orgánicos, e concéntrase cada vez máis na investigación espacial, utilizando a sutileza do material co que traballa para incrementar as sensacións producidas pola luz e o espazo: “gústame explorar as calidades dos materiais: expresividade, resistencia, posibilidades combinatorias. Atopalos, manipúlalos e mestúralos. Harmonízalos en estruturas xeométricas, ás veces estáticas, ás veces móbiles”.

SOLEDAD PENALTA

(Noia, A Coruña, 1943)

Comeza a súa traxectoria en 1972, nun proceso que a levou a utilizar progresivamente diferentes materiais. Dende as súas primeiras pezas en cerámica refractaria foi evolucionando cara ao traballo en metal, utilizando a fundición en diferentes materiais como bronce, ferro, aceiro e aceiro inoxidable, e en obra pública de gran formato.

Na súa investigación sobre o uso de novos materiais resultará clave a súa estadía no Studio Art University da Universidade de Minnesota (EUA) entre 1989 e 1991. Unha aprendizaxe na fundición e soldadura con metais, que marcará a súa evolución posterior. Ao seu regreso a Galicia comeza a traballar con soldadura, abandonando definitivamente a cerámica para dedicarse a materiais pesados como aluminio, ferro, aceiro, e bronce.

En liñas xerais, o traballo de Soledad Penalta caracterizouse por un peso da linguaxe abstracta, utilizando xogos de planos e formas antropomórficas como referencias. Nestes últimos anos o uso do ferro e, sobre todo, do aceiro inoxidable, permitiulle incluír caligrafías, cubrindo con textos boa parte da superficie das súas esculturas. Unha escritura na que reflexiona sobre as súas inquietudes, medos, esperanzas, desexos; en resumo, documentos e testemuños da súa propia existencia. Unha “erosión caligráfica” que potencia a expresividade das súas obras, ao mesmo tempo que as dota dun estraño e inusitado atractivo.

É das poucas artistas mulleres da súa xeración en Galicia —xunto con Elena Colmeiro na cerámica— que traballou na obra pública, realizando pezas de gran formato e utilizando materiais pesados como o aceiro corten e o ferro. Entre elas destacan as súas actuacións no parque escultórico da Torre de Hércules (A Coruña, 1995); en O Portiño, Praia do Coido, Muxía, (1995); e en Baiona, Pontevedra (1999), entre outras.

ROSALÍA PAZO MASIDE

(A Estrada, Pontevedra, 1956)

Artista visual, investigadora cultural, e autora de textos e achegas teóricas en torno á arte. De formación autodidacta, desenvolve os seus primeiros traballos na década dos oitenta, utilizando a cerámica como medio, e a partir de 1990 abandona a cerámica para traballar en materiais e poéticas moi diferentes, sen perder de vista o tridimensional. Esta visión ecléctica, e o seu grande interese pola investigación, levaralle a experimentar con diferentes materiais —dende o gres ou o barro cocido, o ferro ou a resina; á fibra de vidro, madeira, cristal, cartón...—, nunha liña de busca e renovación que sempre caracterizou o seu traballo.

Esta multiplicidade de intereses reflíctese tamén nunha intensa e multidisciplinar actividade: membro fundador de AGAV Asociación Galega de Artistas Visuais en 1997, de cuxa Comisión Executiva formou parte ata o ano 2000, entre 2000 e 2003 participou no comité de redacción da revista *Sinal*, e foi colaboradora habitual do semanario *Faro da Cultura*. Forma parte do grupo I+D Fondo de Arte e Cultura da Universidade de Vigo, no que traballa dende 2004 na elaboración dun arquivo audiovisual da cultura galega dos últimos trinta anos. Realiza, igualmente, diversas intervencións artísticas de carácter participativo en espazos públicos, en colaboración con outros artistas cos que compartiu proxectos nesta última década.

Tal como sinala a investigadora Mar Caldas no catálogo *Rosalía Pazo Maside. Letras y ciencias*, poderíase resumir que a súa é “unha mirada conciliadora, que se dirixe cara ao lugar onde os conceptos se tornan ambivalentes, inestables, contraditorios.”

BERTA CÁCCAMO

(Vigo, 1963)

Tras os seus estudos e formación artística na Facultade de Belas Artes de Barcelona, onde se licenza en 1986, desenvolverá unha sólida traxectoria vinculada á abstracción, creando unha linguaxe propia e depurada, traballado con grandes veladuras e campos de cor e sometido a un continuo proceso de esencialización. O uso de grandes formatos é outra das características da súa obra, porque “me interesa a idea de cadro onde o espectador, dalgún xeito, atópase envolvido”.

Obtivo importantes bolsas que lle permitiron viaxar e coñecer novos horizontes creativos. Entre elas, a bolsa Manuel Colmeiro (1987); e a bolsa de Creación Artística Banesto (1989), que lle permite ir a París, onde seguirá traballando en Cité Internationale Universitaire, grazas ao premio obtido na Bienal de Pontevedra (1990). Roma será outra referencia importante na súa formación, bolseira pola Academia Española (1990—1993). A súa actividade expositiva foi constante, con importantes citas individuais e colectivas tanto a nivel nacional como internacional. Actualmente está a preparar unha exposición individual para o próximo mes de novembro no CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea, Santiago de Compostela.

Nas obras da última década, reflexiona en torno ás relacións entre o debuxo e a pintura, trasladando ao lenzo elementos propios do traballo sobre papel. O debuxo sempre constituíu para Berta Cáccamo un elemento esencial no seu traballo: “O debuxo é para min, pola capacidade que ten de esquematizar e facer visibles as ideas, a base de todo o meu proxecto pictórico. É o bosquejo, a base de toda construción do proxecto artístico en xeral... a idea de debuxo, digamos monumentalizado, estivo sempre moi presente no meu traballo”.

ANGELA DE LA CRUZ

(A Coruña, 1965)

Tras o seu paso pola Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela, trasládase a Londres en 1987. Nesta cidade, na que reside dende entón, formábase artisticamente, primeiro en Chelsea College of Art e posteriormente en Goldsmiths College e Slade School of Art. É a única artista española finalista do prestixioso Premio Turner (2010) pola súa exposición *After* en Camden Arts Center.

A súa traxectoria artística xirou en torno á investigación dos propios límites do espazo pictórico, que comeza cando esnaquiza os seus lenzos, deforma e rompe os bastidores, que despois pendura sobre a parede ou apoia no chan: “Dende o momento en que atraveso o lenzo desfágome da grandiosidade da pintura”.

En 2004 coa súa obra *Clutter with Wardrobes* [Conglomerado de armarios] comeza a incorporar ás súas obras obxectos e mobles, case sempre atopados ou recuperados da rúa; cadeiras que prolongan as súas patas coma se fosen próteses que imposibilitan calquera tipo de equilibrio: “As cadeiras están constantemente presentes... porque representan o corpo humano e tamén porque é reflexo do tempo no que é necesario pensar no que pasa ao teu arredor”. Nese mesmo período realiza a súa primeira exposición individual en España, inaugurando o Espazo Anexo do MARCO de Vigo con *Larger than Life* (2004).

Un ano máis tarde sofre unha hemorraxia cerebral, cuxa recuperación supuxo unha longa estada no hospital. A primeira obra que realiza despois, *Deflated* (2009-2011), un lenzo sen bastidor que pendura dun parafuso coma se dun abrigo se tratase, marcará un punto de evolución.

Angela de la Cruz sempre investigou sobre a busca da terceira dimensión na súa pintura, cuestionando os seus límites e utilizando indistintamente a pintura e a escultura en función da súa forza expresiva e das necesidades de cada obra, tal como apunta Carolina Grau no texto “Tras la tempestad, viene la calma”, do catálogo da exposición *Escombros* (Fundación Luis Seoane, A Coruña, 2015).

TATIANA MEDAL

(A Coruña, 1971)

Pertence á primeira promoción de artistas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra —onde se licenza en 1995— e cuxa traxectoria creativa comeza a mediados dos anos noventa. Unha formación académica que, como outras artistas da súa mesma xeración, complementou con importantes bolsas. No seu caso, as concedidas por Deputación da Coruña (1995, 1998); Fundación Caixa Galicia (1997); Unión Fenosa (2001); Ministerio de Cultura (2003); Academia Española en Roma, (2005); Colección CAM (2007); ou ENDESA (2009). Participou así mesmo en cursos e obradoiros como o de Dan Graham, Santiago de Compostela (1995); o de Lucio Muñoz na Coruña (1996); e talleres de gravado en Gerriet Rietvelt Academie, Amsterdam (1998); ademais dunha residencia en International Studio Curatorial Program, Nova York (2002).

En 1996 realiza a súa primeira exposición, “Catro Factorial”, en Galería Minotauro (Santiago de Compostela), á que seguiu un importante número de mostras individuais e colectivas, entre as que destacan “30 anos non 200. Artistas galegos para un cambio de milenio” (1994); “Novos camiñantes” (Auditorio de Pontevedra, 1999); “Xeración 2001” (Casa de América, Madrid); “Pinturas” (Galería SCQ, 2007); ou “Composición 1961” (Fundación Luis Seoane, A Coruña, 2014).

Ao longo da súa traxectoria, Tatiana Medal centrou o seu traballo nunha clara aposta pola pintura a partir da creación de estruturas xeométricas e espazos abstractos. O valor da composición, a busca constante da planimetría, o uso sistemático de tramas, deu sentido a un traballo de investigación a partir de diferentes técnicas e materiais, tendo como referencia o seu dominio da cor e a utilización de gamas de vocabulario restrinxido.

PAMEN PEREIRA

(Ferrol, 1963)

É unha das artistas de referencia dentro da xeración que comeza a desenvolver a súa traxectoria na década dos noventa e que xorden despois de *Atlántica*. Estuda Belas Artes en Valencia, onde realiza unha das súas primeiras exposicións individuais na galería Paral.lel 39 (1991), á que seguirá un longo número de mostras en espazos galerísticos como Trinta (Santiago de Compostela); Antonio de Barnola (Barcelona); Altxerri (San Sebastián); Recent Gallery (Sapporo, Xapón); ou museos como o suízo Museum Zu Allerheiligen Schaffhausen (1996), onde mostra o seu traballo *Heisser Wasser für den Tee* [Agua quente para o té]. Ese mesmo ano recibe unha das bolsas de Unión Fenosa que lle permitirá traballar durante un ano en Xapón, tratando de afondar nas relacións entre individuo e natureza. Coa súa serie *Dibujos con humo* recrea obxectos de forte carga alegórica, xurdidos case do baleiro, captados na súa presenza física, pero cuestionados na súa existencia temporal.

En 2001 expón *Gabinete de traballo, encontro ca sombra* no CGAC (Santiago de Compostela). Realiza viaxes a Irán (2001) e á Antártida (2006), que terán o seu reflexo en proxectos como “Un solo sabor” (Barg Gallery, Teherán / La Gallera (Valencia); e “Ice Blink” [O lume do xeo].

Traballou tamén en diferentes instalacións e proxectos de intervención como *Torres a la templanza* (Cidade da Cultura, Santiago de Compostela, 2011); *O don del tiempo, el tiempo suspendido* (Hermès, Barcelona / Kaohsiung, Taiwán); e *Floating Garden* (2014) para a sede corporativa de DKV SEGUROS en Zaragoza. A súa máis recente mostra individual nun espazo museístico tivo lugar este mesmo ano no MUSAC de León, co título “A muller de pedra érguese e baila”.

Na súa xa sólida traxectoria, Pamen Pereira utilizou medios e materiais moi diversos, converténdoo en simples elementos de transmisión de sentimentos, e sensacións. As súas vivencias, as súas viaxes, a súa constante capacidade de reflexión e indagación fai que as relacións entre o simbólico e o natural estean sempre presentes. As súas obras sorprenden e estimulan a nosa percepción. De grande beleza plástica, a súa capacidade de sedución e evocación vai unida a un constante cuestionamento acerca da natureza última e íntima das cousas.

“Probablemente un poeta escribe unha obra de amor porque a está vivindo. E o que o le revíveo logo sen necesidade de coñecerse a biografía do poeta. Coas artes plásticas pasa o mesmo. A esencia coa que ti a cargas queda na obra. E aí está a maxia, na capacidade que ten de emocionar e transmitir”.

ALMUDENA FERNÁNDEZ FARIÑA

(Vigo, 1970)

Pertence á primeira xeración de artistas formada na Escola de Belas Artes de Pontevedra (1990-1995), onde realizou o seu doutoramento e exerce a docencia dende o ano 2001. Completou a súa formación académica en centros como School of Art and Design, Limerick, Irlanda (1994); École de Beaux Arts, Le Mans, Francia (1996-1997); e Facultade de Belas Artes da Universidad de Salamanca (1997-1998).

Inicia a súa traxectoria creativa nos anos noventa cunha liña de investigación en torno ao proceso pictórico, evolucionando dende unha linguaxe abstracta á incorporación de elementos e referencias escritas que a conectaban co ornamental. A partir de 2002 a súa pintura “expándese”, conquistando novos espazos mediante a repetición de elementos: “realmente foi algo progresivo; polo tipo de composición, polos formatos a gran escala cos que traballaba, sempre houbo esa vontade de envolver o espazo, de prescindir do soporte intermediario, o cadro”. Unha pintura que sae do seu formato tradicional e na que o diálogo co contexto é fundamental, centrándose en obras *site-specific*, efémeras e creadas para un lugar concreto.

O traballo de Fernández Fariña foi recoñecido con importantes premios e bolsas como o Premio de Pintura Francisco de Goya (1996); Premio de Pintura L’Oreal (2000); Bolsa Novos Valores (1994); Bolsa Master Fundación Caixa Galicia (1996); ou Bolsa Fundación Pollock-Krasner (2001).

Paralelamente ten desenvolvido un significativo labor investigador en torno á pintura contemporánea. A súa tese *Lo que la pintura no es* (2011) recibiu o Premio Extraordinario na Universidade de Vigo (2008/2009), e o Premio Provincial de Investigación da Deputación de Pontevedra (2009). Entre as súas últimas publicacións cabe sinalar o libro *Pintura Site* (2014) unha reflexión sobre as interrelacións entre o espazo e a práctica pictórica.

MÓNICA ALONSO

(A Fonsagrada, Lugo, 1970)

Licenciada en Belas Artes pola Universidad de Salamanca (1994), realiza a súa tese doutoral sobre “O espazo doméstico na escultura contemporánea” (Universidade de Vigo, 1999). Continúa a súa formación con diferentes bolsas, como ENDESA (2001-2003), Academia de España en Roma (2005), Fundación Yaddo (2004), Unión Fenosa (1999-2000), ou a bolsa da colección CAM de Artes Plásticas (2009). Realiza tamén varias residencias de artista entre as que destacan a Residencia Capacete (Río de Xaneiro) e The Townhouse Gallery (O Cairo).

Ademais de participar nun bo número de exposicións colectivas, destacan as individuais de Sala Montcada de Fundació la Caixa (1997), CGAC (2002), e a retrospectiva “Mónica Alonso. Obras (1994-2011)” no Museo Provincial de Lugo. Traballou en proxectos interdisciplinares como a VIII Mostra Internazionale di Architettura da Bienal de Venecia (colaborando no proxecto Comunidades verde+azul) ou *Terapia Cuarto de Hospital* (Hospital Clínico, Santiago de Compostela). O seu interese pola fusión entre arte, arquitectura e psicoloxía lévaa a crear o programa PEP-Potenciación Espacial Percepción, coa idea de que calquera lugar pode ser transformado para vivir unha sensación intensa.

A súa traxectoria, dende os seus inicios a mediados da década dos noventa, xirou en torno á investigación do concepto de espazo alén dos seus referentes físicos, dando forma real a sensacións, conceptos e ideas, co volume e a cor como ferramentas. A súa obra ten unha enorme capacidade de suxestión e provocación, tanto na exploración de sentimentos coma na transmisión de sensacións: “A depresión, a melancolía, a tristura profunda, son temas cos que me implico moito porque me interesan como a dor, pero ao mesmo tempo o pracer. Eu sempre estou a traballar nesa polaridade, que pode atraer o espectador, aínda que, de cando en vez, se presenten mensaxes contraditorias de melancolía, mesmo mensaxes dunha euforia excesiva, que ás veces non deixa de ser perturbadora mentalmente”.

DOLORES DÍAZ BALIÑO

(A Coruña, 1905 - 1963)

Inicia os seus estudos artísticos xunto ao seu irmán Camilo Díaz Baliño, excelente muralista e ilustrador e pai de Isaac Díaz Pardo. En 1929 a Deputación da Coruña concédelle unha bolsa para ampliar os seus estudos en Madrid. Foi unha das fundadoras da Asociación de Artistas da Coruña en 1934. Foi profesora de debuxo na Escola de Artes e Oficios e no Instituto Feminino, labor que compaxinaba con clases no seu estudio, onde se formaron moitas das artistas que triunfarían nos sesenta e setenta, como M^a Antonia Dans e Elena Gago.

En 1938 é nomeada, xunto con Carmen Corredoira, membro de número da Academia de Belas Artes da Coruña, sendo as primeiras mulleres académicas que ingresan nesta institución. Participa na Exposición Nacional de Barcelona de 1942, e realiza exposicións individuais na Coruña, Santiago, Palma de Mallorca e A Habana.

Posuía un grande dominio do debuxo, de trazo firme e seguro, ademais dunha influencia do simbolismo europeo que se aprecia en pequenos cadros de gran decorativismo, no que se pode incluír unha das súas principais obras, *Las hadas del caracol*, onde funde o mundo animal co do soño e a irrealidade.

CARMEN CORREDOIRA Y RUIZ DE BARO

(A Coruña 1893 - 1970)

Comeza a súa formación co pintor Enrique Saborit, e en 1914 trasládase a Madrid, onde asiste ás clases de López Chicharro e José M^a Mezquita, alternándoas coa formación teórica que impartía Joaquín Sorolla. Xunto con Elvira Santiso, Castelao, Carlos Sobrino, Jesús Corredoira, e Camilo Díaz Baliño, entre outros, obtén unha Medalla de Ouro na Exposición Rexional Galega de 1909. Participa na Exposición de Arte Galega do Centro Galego de Madrid (1912) e posteriormente nas Rexionais de 1917, 1923 e 1926, anos nos que desenvolverá a súa maior actividade expositiva.

Tematicamente a súa pintura xira en torno á recreación de interiores conventuais, celas e pequenos cantos de igrexas, que transcribe con gran sobriedade. A súa obra, polo xeral de cromatismo moi austero, con predominio de gamas frías de grises e ocres, aparece matizada por unha luz suxestiva e envolvente. Unha pintura afastada de calquera referencia que a contextualizará co ámbito creativo dos seus contemporáneos.

En 1928 ingresa no Seminario de Estudos Galegos. En 1936 obtén unha praza de axudante de Debuxo Artístico na Escola de Artes e Oficios da Coruña. En 1938 é elixida, xunto con Dolores Díaz Baliño, académica de número da Real Academia Galega de Belas Artes.

Tras a Guerra Civil retoma unha traxectoria que, paulatinamente, foi quedando silenciada e esquecida. En 1966 realiza a súa última exposición na Coruña, onde falece en 1970.